

'Aprende Banda Deseñada con Fiz', finalista na Gala do Libro Galego

05.03.2020 É un proxecto creado por Kiko da Silva, colaborador diario de EL CORREO

ECG

Santiago. A Asociación Galega de Editoras (AGE), Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), e a Federación de Librerías de Galicia (FLG) convocan a quinta edición dos Premios Gala do Libro Galego, a celebrar o vindeiro sábado no Teatro Principal de Santiago onde se darán a coñecer as obras gañadoras. Alí, o proxecto do premiado debuxante colaborador de EL CORREO Kiko da Silva, chamado... *Aprende Banda Deseñada con Fiz*, vai estar como un dos finalistas na categoría de Mellor Banda Deseñada.

Con estes premios preténdese recoñecer a excelencia do traballo realizado no ámbito editorial ao longo do ano 2019 en Galicia.

En canto as modalidades Iniciativa Cultural ou de Fomento da Lectura, Proxecto Literario na Rede e Xornalismo Cultural, recoñecen a traxectoria de varios anos, valorándose, polo tanto tamén a constancia ao longo do tempo nestes ámbitos.

Estas distincións, sen dotación económica, xorden, en primeira instancia, das propostas das bases asociativas das tres entidades convocantes, para posteriormente seren sometidas a un proceso de revisión e posterior fallo por parte dun xurado externo.

A Gala do Libro Galego conta co apoio cultural de CEDRO, da Xunta de Galicia, do Concello de Santiago e tamén da Deputación Provincial da Coruña.

PONTEVEDRA Por outra banda, este venres comeza o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, no que Da Silva é o ilustrador homenaxeado.

"Alí inauguramos varias exposicións miñas, unha de *A Silveira*, con 70 viñetas publicadas en EL CORREO GALLEGO. E unha panorámica do meu traballo como ilustrador e historietista, con ilustracións de *Moncho e a Mancha*, *Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis*, *Que contan as ovellas para durmir?*, *Fiz, o neno máis porco do mundo*, *Ratón de Campo e Rato de cidade*, e algunhas ilustracións inéditas de proxectos novos", sinala o coñecido debuxante e guionista de Pontevedra que dende hai meses forma parte da familia deste xornal.

E en canto o personaxe de *Fiz é o neno máis porco do mundo*, deste xeito fala sobre o seu autor do seu ADN "gústalle todo o escatolóxico, como falar coas cacas ou facer cadros abstractos con mocos. De maior quería ser parado de profesión, pero acaba de descubrir que hai un emprego máis divertido: Fiz quere ser debuxante de banda deseñada!"

UN PERSONAXE CUN FACTOR DIDÁCTICO Nese libro, o personaxe de Kiko da Silva ensínanos como se crea un cómic. Paso a paso, mediante historietas e exercicios, íranos explicando que é e como podemos crear a nosa propia banda deseñada dun xeito entretido.